


# Letras Galegas 2008

## Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez



*Era un airiño suave  
que se ergueu pola mañán  
E viña non se sabe.*

*Era un recendo de rosas  
da roseira de ningures,  
que se meten pola porta.*

*Era unha cantiga leda  
que nacía non sei onde  
e petaba na fiestra.*

*Era unha gracia sutil  
que baixaba das  
estrelas...*

*Eras ti!*



Xosé María aos 14 anos

### Autobiografía


Fun o terceiro dos irmáns Álvarez Blázquez, fillo do Dr. Darío Álvarez Limeses ("O médico dos pobres") e María Blázquez Ballester. Nacín en Tui o 4 de febreiro de 1915. Tiñamos daquela casa propia, onde meu pai pasaba consulta. Había unha horta onde cantaban os paxaros e sentíase o cri-cri dos grilos. Na casiña de Baión pasei vacacións moi ledas.

Cursei en Tui primaria e o bacharelato, e con só catorce anos publiquei en xornais os primeiros poemas. Logo do Bacharelato vivín co meu tío Xerardo en Pontevedra, e estudei Maxisterio. En 1932 creei a revista literaria

*Cristal* e saíu o meu primeiro libro de versos, en castelán, *Abril*, con poemas escritos entre os doce e os catorce anos. No número 2 de *Cristal* aparece o primeiro poema en galego: "O merlo poeta", que despois incluíría no libro *Poemas de ti e min*. Xa en 1933 formei parte das Mocidades Galeguistas. Un ano máis tarde pronunciei o

discurso: "Berro en lembranza dos Mártires de Carral".

En 1935 compaxineei a docencia, na Guarda, coa carreira de Filosofía e Letras, pola maldita guerra e as consecuencias que trouxo para nós. Aquel dramático ano publicábase a miña colección de relatos *Os ruíns* na revista *Nós*, que non chegou a distribuírse, quedou como



inédita, asolagada pola mesma enxurrada de barbarie que asasinou o editor (Ánxel Casal) e fusilou meu pai, o 30 de outubro de 1936, deixándonos a familia ferida para sempre. Eu, ata xullo do 36, era un mozo ledo, con praza de mestre, pero fun trasladado por galeguista, desde a miña marabillosa escola de Coia (Vigo), gañada

a pulso, a un triste pobo de Zamora. Obrígonme a ingresar no exército entre o 36 e o 39. Eu librra do servizo militar ordinario pola miña miopía, pero tiven que integrame para cumprir servizos auxiliares de intendencia no Hospital Militar de San Caetano en Santiago. Alí, polas destrezas como enfermeiro, aprendidas co meu pai, pasei a exercer como

tal. Máis tarde incorporeime á escola de Coreses. Botei tres anos, nun lugar frío, seco e paupérrimo.

Logo do 36 todo foron calamidades para nós: sufríamos persecución e o ambiente de Tui volvérasenos hostil. Morreu o noso querido irmán Celso e era Darío o que termabas da familia,


que deixou Tui para ir vivir a un piso de aluguer en Vigo. Estabamos en abril do ano 41. Sentíame na necesidade de vivir con eles; pedín a excedencia, e xunteime coa miña nai e cos meus irmáns.

Facendo moitos números, vendas das nosas posesións, aforros e créditos, montamos en Nigrán unha fábrica de tellas. Eu era o xerente.



Día da voda en Vigo, 10 de decembro de 1946

Arco da vella  
vaite de aí  
que as nenas bonitas  
non son para ti.  
Fuxe chuvia, fuxe sol,  
fuxe roda de color  
que a neniña quer brincar  
coas areas do areal.  
Vaite néboa, vaite vento,  
vaite cara do mal tempo  
que a neniña quer correr  
polas areas do ler.  
Ai, miña neniña, nena,  
non se vai ao arco da vella!  
porque todos cantan  
para a miña nena.



Biblioteca e lugar de traballo de Xosé María na súa casa en Vigo.

Todo foi relativamente ben, ata que catro anos despois rebentou un moderno forno no que investimos todo o gañado coa empresa e tivemos que desfacernos dela.

Logo comecei a traballar de administrativo na Confraría de Pescadores de Vigo, no Berbés e, nos anos corenta, adentreime na investigación literaria, histórica e arqueolóxica.

O ano 45 foi máxico na miña vida, o dardo do amor cravouseme de cheo ao comezar a relación con María Luísa Cáccamo Freiben, a muller máis fermosa de cantas sei, coa que vivín o Amor, en maiúscula, profundo e leal. Ela traballaba no Banco Pastor, pero ao casar comigo no 46, perde o seu vantaxoso traballo, como era común na época. Instalámonos na Gran Vía, nun piso alugado, que co tempo mercaríamos. Alí aínda hoxe reside a miña namorada e compañeira, a que tanto ameí.

Nesta década publiquei novelas en castelán, polos imperativos da época e porque necesitaba ingresos: *El crimen de la isla verde*, ou *En el pueblo hai caras novas*, finalista do premio Nadal. No 47 estreáronse dúas pezas teatrais que escribín co meu irmán Emilio: *El zapato de cristal* e *Los pazos altivos*. No 48

fundeí a Librería Monterrei, polo meu amor aos libros, sobre todo aos antigos.

Ai, o ano 48! O mes de maio naceu a miña primeira filla M<sup>a</sup> Luísa, COLORÍN! Despois chegaron: Xosé María (50), Alfonso (52), María Elena (54), Celso (58) e Berta (63).

No 50, iniciando as Edicións Monterrei, publiquei o emocionado poemario a Colorín: *Roseira do teu mencer*. No 53 saíu a *Escolma medieval galego-portuguesa* e enganeí a todos co *Cancioeiro de Monfero...*

Foron moitas as obras que fun publicando e os traballos en distintos campos, como a dirección das escavacións arqueolóxicas no Castro de Vigo. Entre as miñas obras citareivos o *Romance do pescador pelerriño* (54), *Canle segredo* (76) e *Solpor* (82).

Desde os anos sesenta vivín non poucas satisfaccións profesionais e culturais, pero fun recibindo golpes moi duros. Un dos dramáticos foi no 67: diagnosticáronme un cancro á filla máis vella. Viviamos en Oviedo por cuestións laborais e retornamos a Vigo para contarnos co apoio e axuda dos irmáns, sobre todo do maior, Darío, médico de profesión e patriarca para todos. Tres anos despois váisenos Colorín; logo M<sup>a</sup> Luísa sofre unha meninxite que lle deixa secuelas; mórrreme o meu maior apoio, o meu


querido Darío, e tamén o sempre admirado amigo Celso Emilio Ferreiro.

Os problemas de saúde van en aumento: desde operacións dunha man, diabetes, problemas cardíacos...

Nesta altura da miña vida chegaron as homenaxes, os recoñecementos...

É no mes de marzo de 1985 que se apaga a vida dun dos intelectuais galegos máis completos e representativos

Ai!, nena, quen fora paxariño louro da túa gaiola.  
Ao nacer o día eu faría a estrena da túa ledicia.  
Ai!, quen dera entramos un tempo sin tempos de trescentos anos.  
Ai!, quen dera, filla, O engado do freire maila paxariña.



Título de cronista oficial da cidade de Vigo.

## Selección de poemas de Xosé María Álvarez Blázquez

No rego do prado  
canta a cotovía  
-paxariño amado  
que ben che quería-.  
No ramo frofido  
o merlo a cantar  
-paxaro belido  
para o teu ollar-.  
No verde loureiro  
troba o ruiseñor  
-paxaro lixeiro  
para o teu amor-.  
(A cantar, espantan  
os males da pena,  
porque todos cantan  
para a miña nena).

Polo laranxal  
tres avelaiñas andan a voar.  
Unba, dúas, tres,  
de présa que voan, vense e non se ven.  
Polo laranxal  
tres avelaiñas andan a chuchar.  
Unba, dúas, tres,  
de tanto que chuchan, borrachas de mel.  
Tres avelaiñas polo laranxal!



### O Señorío

Neste mundo mentireiro  
hai cousas que din dan don,  
e eu teño que dubidalo.  
Señoría de sombreiro!...  
Non é señor quen o pon  
senón que sabe sacalo



Ao ver que non tiñas nome  
marinamos que serías  
ventureiriña do monte.

Froleciña ventureira  
que -ao millor- naceu co orballo  
Nunca luzada de estrelas.  
Como andabamos a rir  
-ventureiriña do monte!-  
Chamámoste "Colorín".

**Roseira do teu mencer**

### Ti

Chamas ao vento  
na labarada dos teus cabelos.  
Auga apreixada  
na mol lentura da túa ollada.  
Rubias de aurora  
no sangue quente da túa boca.  
No recuncho do teu corpiño.  
Rulas leviáns  
no vó lizgairo das túas mans.



Á frof, á frof...!  
Imos apañar  
as bágoas do sol  
Andar, andar!  
Todos a coller  
a luz do luar.  
A bulir, correr,  
traede angarelas,  
que as imos encher  
co ouro das estrelas!




Madre, a San Treeçon irei  
e no río banbarme ei  
ante que saya l'albor.  
Irei, madre, á romaría  
e banbarme ei, a fe mía,  
ante que saya l'albor.  
Banbarme ei, ben volo digo,  
ú non sábia meu amigo,  
ante que saya l'albor.  
(Banbar)me ei, por ren que seja,  
(ú meu a)migo non veja.  
ante que saya l'albor.  
**Cancioneiro de Monfero**

Canle segredo hei ser  
prá fervenza da iauga manantía  
que enxurre as nosas vidas, cando nada  
falle do que che eu teño prometido.  
Xeneroso leito  
da derramada anguria  
terra de terra, aberta pola eixada  
do afán e do amor para a semente limpa.

**Canle segredo.**

A muller do fogueteiro  
tivo tres nenos nun parto,  
e díxolle súa nai  
cos ollos postos en Branco:  
vaia co homiño, que bota  
foguetes de tres estralos!

**Poemas inéditos e dispersos**




## DEVANCEIROS:

Ferrín fálanos “do sorprendente vigor literario e artístico que a familia Álvarez foi demostrando desde o século XIX”. O fundador da dinastía veu desde a Puebla de Sanabria a Pontevedra: **Emilio Álvarez Giménez**, catedrático de Instituto. Galeguizouse. Escribiu o considerado primeiro drama histórico en lingua nosa: *María Castaño ou na revolta popular* (1877). Casou cunha dona da culta familia dos Limeses. Seu fillo, **Xerardo Álvarez Limeses**: *Antre dous séculos*, considérase polos críticos literarios a transición do universo poético decimonónico ao novecentista.

Dos Álvarez Limeses de Pontevedra procedían: **Emilio Álvarez Negreira**, poeta do grupo Benito Soto; Xerardo Álvarez Gallego, figura do Partido Galeguista. Exiliouse a Cuba no 36. Unha irmá deste, Amalia, casou co dirixente do citado partido, Alexandre Bóveda, fusilado por republicano.

Don Emilio foi tamén pai de Darío, médico en Tui e fusilado polos fascistas. Desta póla naceron os Álvarez Blázquez: Darío (II) médico, articulista. De ampla cultura; Emilio, fino e limpo poeta, non demasiado prolífico; Álvaro, bo debuxante, a el debémolle a iniciación da serigrafía artística en Galiza; e Xosé María o noso homenaxeado. Compre precisar que todos os Álvarez Blázquez despois do asasinato do pai fixaron as súas residencias en Vigo e moito lles debe a eles a condición central desta cidade en materia literaria, artística e editorial.



## O FUTURO:

Na cuarta xeración Álvarez, agora xa viguesa, situamos a **Alfonso** e **Darío Álvarez Gándara**, fillos de **Darío Álvarez Blázquez**. O primeiro avogado, prosista de ideas e orador e, o segundo, médico e autor un pouco tardío de novelas de misterio, xénero que tamén cultivara seu pai. Deste último é fillo **Darío Álvarez Basso** que, coa súa irmá **Carlota**, directora do Museo de Arte Contemporánea de Vigo, representan os gromos da árbore artístico-literaria dos Álvarez, aquí orientados á práctica e á organización da plástica.

Nos **fillos de Xosé María Álvarez Blázquez** brillan: a tendencia artística na premiada **Berta**, pintora vinculada ao grupo Atlántica de intención renovadora; a literaria en **Xosé María** e **Alfonso** como escritores, e a lingüística en **Celso Álvarez Cáccamo**, destacado sociolingüista, profesor da universidade da Coruña.



## Solpor

*A Xoán Vidal, en lembranza da súa visita ao meu lar de Coruxo*

Xa non é tempo de falar das rosas,  
soños, amores, vida que pasou.

Agora chegan voces vagarosas  
i eu, nun besbello, lles respondo: Vou...

Nin verso airado nin aceda queixa.

De qué nos han valere, miña amiga!  
Imos desengrellando esta madeixa,  
con lástima de nós e con fadiga

Os fillos... Xa alá agarda a nosa prenda  
–luz dos días abertos e louridos–  
Os fillos! Santo e seña da contenda,  
eles diante e nós atrás, feridos.

Pousaremos os pés na branca area  
mentres o día no solpor devala.

Nin ti ouces xa o balbordo da marea  
nin teño eu ansias de prender a fala.

Silandeiros os dous, de mans collidas,  
imos devagariño pola praia,  
de par a par os pasos, como as vidas...  
A luz do sol, sobre do mar, esmaia.

Coruxo, 29 Agosto 1982

### Xosé María Álvarez Blázquez na nosa biblioteca

- *A pega rabilonga*: 821.1-3/ALV/peg
- *Escolma de poesía medieval*: 821.1-1/ALV/esc
- *Canle segredo*: 821.1-1/ALV/esc
- *Roseira do teu mencer* 821.1-1/ALV/ros
- *O que ben che quer* 821.1-1/ALV/que
- *Poesía galega completa* 821.1-1/ALV/poe

### Darío Álvarez Cáccamo:

- *O fracaso de Clayton* 821.1-3/ALV/fre

### Xosé María Álvarez Cáccamo:

- *Tempo do pai* 92/ALV/tem

### Alfonso Álvarez Cáccamo:

- *As baleas de Eduardo Reinoso*  
821.1-3/ALV/bal
- *Xente de mala morte* 821.1-3/ALV/xen
- *Peito de vimbio* 821.1-3/ALV/pei

Estes son só algúns títulos desta familia. Consultádeos todos no noso catálogo en:

<http://bibliotecamarinas.blogspot.com/>